

Actividades de Música



- Queridas familias e alumnos/as:

Son Sol, a vosa mestra de música e envíoos esta carta para dicirvos que espero de corazón que este tempada de confinamento a esteades levando o mellor posible e que esta situación vos permita a tod@s desenvolver en maior medida a vosa capacidade de resiliencia (aquela que nos permite sobrepoñernos ás dificultades que se nos presentan no noso día a día).

Por iso considero que, lonxe de que as complicadas circunstancias que estamos a vivir na actualidade poidan minguar a vosa alegría, ilusión e capacidade de superación innatas que posúdes, é importante que as tomedes como unha oportunidade para aprender a sobrepoñervos ás dificultades e poñer en práctica todas as vosas capacidades para seguir aprendendo de forma cada vez máis autónoma, así como todos os coñecementos que posúdes nas novas tecnoloxías da información e da comunicación que tendes a vosa disposición para lograr tal fin, como son a web do noso colexio, o blog da nosa aula "Ímonos coa música a outra parte" e Classdojo, xa que estas van a ser as canles que vou a empregar para estar en contacto tanto con vós, como coas vosas familias.

Estou totalmente convencida de que comprendedes e sodes conscientes da relevancia de que todos respectemos as normas establecidas para evitar que o COVID19 continúe condicionando o noso día a día e que aproveitedes esta situación para gozar de estar máis tempo coa vosa familia, para viaxar de forma imaxinaria a outros lugares e mundos fantásticos a través da lectura, para deixar voar a vosa creatividade a través da creación de composicións artísticas (sexa a través de debuxos, cancións, creación de contos, raps, poesías...) e para seguir formándovos como futuros cidadáns asertivos, cívicos, resolutivos, creativos, responsables, autosuficientes, empáticos e sensibles cara o entorno que vos rodea. Por iso, para contribuír ao antes mencionado, vos propoño dende a materia de música unha serie de actividades que espero que vos fagan máis amena estes días de reclusión e que vos comunico a través dos enlaces que inclúo ou remate da presente carta.

Compre que vos indique previamente que precisaredes de conexión a Internet para poder facer e acceder a elas, e que se tendes algunha dúbida durante a súa realización, poderedes consultarme o que precisedes a través do chat de Classdojo, xa que estarei a vosa enteira disposición na medida do que me sexa posible.

As 10 tarefas/retos propostos están programados para ser realizados en 15 días. No caso de que o período de reclusión se prolongue máis do previsto, poreime en contacto de novo con vós e as vosas familias para comunicar o xeito no que vai a continuar a vosa formación musical.

Mencionado isto, estimados alumnos/as, soamente me queda enviarvos millóns de bicos voadores e agarimosas apertas, así como dicirvos que vos boto moitísimo de menos e que estou desexando volver a vervos a todos/as o antes posible.

Ánimo, pois "nunca choveu que non escampara".

